



Concello de Mugardos  
(A Coruña)

**Procedemento**

**Código SIA**

**Expediente:** PLN/2023/01

**Trámite Acta.-** Acta de sesión

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA VINTE E CINCO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES**

| <b>Cadro de asistencias</b>    |                   |
|--------------------------------|-------------------|
| <b>Concelleiro/a</b>           | <b>Asistencia</b> |
| Juan Domingo de Deus Fonticoba | Asiste            |
| José Miguel Mahía Prados       | Asiste            |
| Jorge Manuel KuntzPeiteado     | Asiste            |
| Begoña Roldós Iglesias         | Asiste            |
| Ana Varela Bastida             | Asiste            |
| Argemino Varela Filgueiras     | Asiste            |
| María del Pilar Diaz Otero     | Asiste            |
| Iván Martínez González         | Asiste            |
| María Dolores González Lorenzo | Asiste            |
| Irene Toimil Fernández         | Asiste            |
| Ignacio Fernández Fernández    | Asiste            |
| José Ángel Martínez Bardanca   | Asiste            |
| Marta Ruiz del Ganso           | Asiste            |

Coa presenza da Interventora municipal, Ana María Gómez Peña.

Actuando como secretaria, a titular do posto Paula E. Ramos Díaz.





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

No Salón de Sesiões do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión ás dezanove horas e trinta e catro minutos.

**1º.-SECRETARÍA.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 28.12.2023 (2022-0017).**- Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria realizada polo Pleno con data 28.12.2022 para os efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 91.1º do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A secretaria solicita o uso da palabra ao alcalde para indicar que a acta conta nunha nota de transcripción en relación a petición formulada polo concelleiro do grupo municipal PSdG-PSOE, Ignacio Fernández Fernández en relación a pregunta formulada das que as notas tomadas or secreta'ria non periten verificar o seu sentido.

Toma a palabra o concelleiro Ignacio Fernández Fernández para indicar que a súa petición tima por obxecto solicitar informe de secretaria sobre si se podía realizar unha intervención pola alcaldía tras a intervención do propoñente da moción

Non suscitándose debate ningún e non formulándose alegación ou observación ningunha, en votación ordinaria, aprobouse polo voto favorable dos trece membros da corporación asistentes á mesma.

**2º. SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 2742/2022. RATIFICACIÓN, NO SEU CASO, DO DECRETO DE ALCALDÍA POLO QUE SE PRESTOU APROBACIÓN Á ADHESIÓN Ó CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEGAMP, XUNTA DE GALICIA, DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, EN MATERIA DE EMERXENCIAS E PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS.**- Elévase á consideración deste órgano colexiado o expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 2742/2022, previamente ditaminado pola comisión informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá:

**“2.- Ratificación, no seu caso, do Decreto de alcaldía polo que se prestou aprobación á adhesión ó convenio de colaboración entre a FEGAMP, Xunta de Galicia, Diputación provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais.**

Sométese a votación a proposta do Concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, de ratificación do Decreto da alcaldía núm. 2022-1308, de data 30.12.2022, sobre “Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais”, que consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 2742/2022, e a comisión informativa por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE), e 5 abstencións (1 BNG, 4 EU-SON EN COMÚN), acorda ditaminar favorablemente a citada proposta, adoptando en consecuencia os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Solicitar a adhesión, con efectos do 01.01.2023, ao Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais, e, en consecuencia, manifestar a vontade de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

**SEGUNDO.-** Facultar ao sr. Alcalde, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para a efectiva adhesión do Concello de Mugardosao citado convenio.

**TERCEIRO.-** Ratifíquese a presente resolución da alcaldía polo Pleno da Corporación, se así se considera convinte, na seguinte sesión que se celebre.

**CUARTO.-** Dar conta da presente Resolución na primeira sesión ordinaria que se celebre da Comisión informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá para os efectos establecidos no artigo 126.2º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”.

**Debate:**

**Primeira quenda de intervencións**

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. Se ben na Comisión se abstivo en función dos informes emitidos por intervención e secretaría, na medida en que o servizo vai a seguir prestándose, vai a votar a favor da ratificación.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. Chega un pouco tarde tendo en cotna o número de organismos participantes mais vota en falta outras cuestión como o control das velutinas nas que a Xunta a partir dos GES presta o servizo máis se debería dar cobertura a estas actuacións.Ao igual quere por





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

sobre a mesa o tema da base do GES que debe ser solventada.

Rematado o debate, o Pleno, en votación ordinaria, por nove votos a favor (5 PP, 3 PSdG-PSOE e 1 BNG) e catro abstencións (EU-SON EN COMÚN), de conformidade co establecido no art. 21.1º.k) e 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Ratificar o Decreto da alcaldía núm. 2022-1308, de data 30.12.2022, sobre “Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Deputación Provincial da Coruña, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para o desenvolvemento dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais”, que consta no expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 2742/2022.

**3º.- CONTRATACIÓN.- POS+ 2021. APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE PISTA MULTIDEPORTE E PARQUE INFANTIL EN O BAÑO. RATIFICACIÓN, DE SER O CASO, DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2023-0043, DE DATA 17.01.2023.**

**Debate:**

**Primeira quenda de intervencións**


José Miguel Mahía Prados, portavoz do grupo municipal PP. Da conta dos antecedentes da licitación e da motivación da necesidade da modificación por actualización de prezos e se remite ao informe do redactor do proxecto.

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. En relación ao proxecto non están para nada en contra, nin da modificación pero sí entende que de aprobar esta resolución se estará a saltar un paso previo que es el pase por la Comisión informativa.

Aclara el Alcalde que por eso se va a ratificar y solicita de secretaría que se pronuncie.

A secretaria indica para os efectos do establecido no artigo 94.3º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que tal como indica dito Regulamento e o ROM do concello, o alcalde por razóns de urxencia pode incluír na orde do día asuntos que non teñan sido ditaminados na Comisión Informativa correspondente se ben neste caso se debe ratificación en primeiro lugar o asunto na orde do día.

El Alcalde indica que no caso de que non exista conformidade se pasa por





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

### Comisión.

Sometido a votación ordinaria, por 8 votos a favor (5 PP+3 PsdG-PSOE) e cinco abstencións (4EU + 1BNG), ratifícase a inclusión do asunto na orde do día.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. Está de acordo pero si é certo que debe pasar por comisión para que se puidesen facer achegas xa que se trata dunhas actuacións que todos os partidos levaban non seus programas. E repasa novamente as actuacións xa desenvolvidas previamente. Máis pasaron moitos meses sen que se sometese a licitación e cando se licitaron volven a pasar un montón de meses para que puidese ter sido sometido ao exame da Comisión informativa. Eran dúas opcións e agora ven sen a pista multideporte e solicita unha alternativa e en xeral todos os proxectos do PPOS están na mesma situación, pedindo pleno tras pleno que se eleve unha listaxe á Comisión Informativa.

Intervén de seguido o Alcalde. O retraso das licitacións implica que se teñen que actualizar os prezos. Hay un montón de licitacións en marcha pero os medios son os que son e os procesos en marcha están a implicar a aplicación de moitos esforzos.

### Debate:

#### Segunda quenda de intervencións

José Miguel Mahía Prados, portavoz do grupo municipal PP. Quere cometar un problema de datas. E repasa os antecedentes da derradeira licitación levada a cabo que quedou deserta. O motivo de que pasase directamente a pleno ven asociado a que por ter sido asinado con posterioridade á convocatoria, por axilidade se somete directamente ao pleno. Os prazos e elaboración de documentos técnicos son os que son. E o grupo de goberno é o principal interesado en que esas obras se materialicen.

Rematado o debate, o Pleno, en votación ordinaria, por 8 votos a favor (5 PP+ 3 PsdG-PSOE) e 5 abstencións ( 4 EU-SON EN COMÚN + 1 BNG), de conformidade co establecido no art. 21.1º.k) e 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Ratificar o Decreto 2023-043 ditado pola Alcaldía con data 17.01.2023, polo que se presta aprobación, ao proxecto modificado: “PARQUE INFANTIL EN O BAÑO”, polo importe de 100.880,91 euros, IVE incluído, redactado polo





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

enxeñeiro de camiños, canais e portos Vicente Lourido Vázquez (BAREFAR S.L.) e asinado dixitalmente en data

**Segundo.-** Queda, en consecuencia, sen efecto a aprobación do proxecto, efectuada polo acordo plenario de data 04.02.2021.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo á Comisión informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente na primeira sesión ordinaria que se realice aos efectos sinalados no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

#### **4º. MOCIÓN URXENTES**

Non se formulan.

**5º.- SECRETARÍA.-ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.** Por parte de secretaría dáse lectura á dilixencia asinada con data 19 de xaneiro de 2023:

“Esténdoa eu, secretaria da corporación, para deixar constancia do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen:

“EXPEDIENTE 276/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2022.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0662 acordouse ordenar o pagamento das relacións contables de facturas F/2022/1, F/2022/5 e F/2022/8.

Expediente 1776/2022. CALENDARIO LABORAL 2023. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse certificación do acordo adoptado á Xefa de sección do SMAC da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e no Diario Oficial de Galicia núm. 211, de data 07.11.2022, tense publicado a Resolución de 24 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2023 correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

EXPEDIENTE 869/2022. MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e poñéndose a disposición na sede electrónica do Concello e no Rexistro Xeral do Concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa”, procedéndose, así mesmo, á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal de transparencia, nos que estaría dispoñible o certificado do acordo e os informes técnicos municipais, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna,





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

constando informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo.

EXPEDIENTE 870/2022. MODIFICACIÓN PARCIAL REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL AS LAGOAS. Uniuse certificación do acordo ao expediente, publicándose anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e poñéndose a disposición na sede electrónica do Concello e no Rexistro Xeral do Concello o formulario “Participación na elaboración da Normativa”, procedéndose, así mesmo, á publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no portal de transparencia, nos que estaría dispoñible o certificado do acordo e os informes técnicos municipais, sen que no prazo de presentación de alegacións se teña presentado alegación alguna, constanding informe da funcionaria encargada do rexistro xeral e certificación de secretaría comprensivos de tal extremo.

EXPEDIENTE 2081/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (PREMADECOR). Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Deputación Provincial da Coruña certificación do acordo adoptado, publicándose no Boletín Oficial da Provincia núm. 246, de data 26.12.2022, a aceptación da delegación de competencias efectuada polo Concello.

EXPEDIENTE 569/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2021. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse a Conta Xeral correspondente ao exercicio de Exercicio 2021 ao órgano de control externo.


MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA ÁS MEDIDAS PARA O FOMENTO DO SISTEMA DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA. Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia copia da moción presentada e certificación do acordo adoptado.”

**6º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2022-1251 AO 2022-1317 E ENTRE O 2023-0001 AO 2023-0049.**

Non se realiza pregunta ou aclaración ningunha.

**7º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

|              |
|--------------|
| <b>Rogos</b> |
|--------------|





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Argemino Varela Filgueiras:

Xa o dizo varias veces e non sabe se hai algún problema. Formula novamente un rogo a instancia da APA de Xesteira e o alumeadado de Curros Enríquez xa que por ahí pasa xente e falta un foco e hai un tramo nos que está practicamente escuro.

O concelleiro delegado de Obras e Servizos indica que solventarase o antes posible.

José Ángel Martínez Bardanca. Hai zonas nalgunhas rúas nas que faltan luces (en Franza, Boado,...). Polo que pediría que se estivese máis encima da empresa para que non se esté tanto tempo sen servizo.

O concelleiro delegado de Obras e Servizos resposta que ate de agora non recibiron avisos.

O voceiro do grupo PsdG-PSOE lle indica que se ve dende a estrada.

### Preguntas

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE (reprodúcese segundo escrito presentado con data 27 de decembro de 2022 , número rexistro entrada 2023-E-RPLN-2):

“Pregunta del concejal del Grupo PSdeG PSOE de Mugardos Jose Angel Martinez dirigida al Alcalde Juan Domingo de Deus o al Concejal que corresponda. El personal del SAF ha presentado alegaciones a las bases de estabilización del trabajo en el concello de mugardos. ¿nos pueden indicar si el concello tomará en consideración estas alegaciones?.”


O concelleiro delegado de área resposta non se trata de alegacións senon dun recurso de reposición, que ten un prazo de resolución dun mes, antes do 10.02.2022 e solicitado o parecer de secretaría, indicou que se trataría en tempo e forma.

José Ángel Martínez Bardanca indica que debería pasar por Comisión.

O concelleiro delegado de área reitera que se trata dun expediente persoal a diferenza da OPE e as Bases.

José Ángel Martínez Bardanca Aínda que se se trate dun problema privado debería pasar por comisión. É un tema de emprego e bastante importante. Polo menos para dar conta.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE (reprodúcese segundo escrito presentado con data 27 de decembro de 2022 , número rexistro entrada 2023-E-RPLN-1):







**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

“Pregunta del concejal del Grupo PSdeG PSOE de Mugardos Jose Angel Martinez dirigida al Alcalde Juan Domingo de Deus o al Concejal que corresponda. El pasado año 2022 se retomo la celebración de la fiesta del pulpo de Mugardos en esta ocasión en su XXX edición. Esta fiesta siempre ha estado envuelta en polémicas por la falta de transparencia, todos los partidos de la oposición reclamaron en alguna ocasión que se dé cuenta de los gastos, ingresos, así como los de las cifras de participación. Hemos pedido en varias ocasiones información al respecto y ante la falta de respuesta en las comisiones de Hacienda o Cultura preguntamos: ¿nos pueden decir cual es el coste de la celebración de la fiesta del pulpo para el ayuntamiento de Mugardos?.

O concelleiro delegado da área de Facenda resposta que acadou un importe de 91.500,00 euros.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PsdG-PSOE. Polas súas contas máis de 137.000,00 euros faltando carpa, horas extraordinarias....e solicita que as contas pasen por Comisión Informativa al igual que os ingresos.

O concelleiro delegado da área de Facenda relaciona as resolucións que pasaron xa por comisión nas que se daba conta.

José Ángel Martínez Bardanca replica que xa se ven dicindo dende o verán e pide que vaian a Comisión.

Sendo as vinte horas e doce minutos do vinte e cinco de xaneiro de dous mil vinte e tres, o Presidente levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

***Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe***

Visto e prace  
O alcalde  
Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria  
Paula E. Ramos Díaz

